## O NUMANCIA INFANTIL COMEZA OS SEUS ADESTRAMENTOS

Para o luns, 12 de agosto está prevista a presentación e primeiro adestramento dos rapaces de categoría infantil. Ás 18.30 h. saltarán ao céspede os xogadores do Numancia infantil, dirixidos unha temporada máis por Toni González … Ares, 8 de agosto de 2013 ... quen terá un auténtico reto: o de construír un equipo novo ao que se incorporan nove rapaces procedentes de alevíns: Fran Romaus, Jaime, José María, Pablo Vascós, Dani, Saúl, Iván, Manuel e Martín. Xunto a eles estarán Adrián, Javier Lemos, Marcos, Antonio, Fran e Raúl Anido, Gabri, Pablo Enol, Diego Vilar e Álex Feal.

Adestrarán tres días á semana: luns, martes e xoves de 18.30 a 20.00 h. E o primeiro partido de adestramento está fixado para o venres, 16 de agosto ás 19.30 h. en Prados Vellos tendo coma rival o Maniños.

Unha semana máis tarde, o 19 de agosto será a presentación dos cadetes.